


## PROCEDIMENTO DE INTERVENCIÓN



T5.1: Titor/a de quinto  
 T3.1: Titorizado/a de terceiro  
 T5.2: Titor/a de quinto  
 T3.2: Titorizado/a de terceiro  
 a: Acción disruptiva  
 b: Información vítima-titor/a  
 c: Intervención titor/a1-agresor/a  
 d: Información titor/a-titor/a  
 e: Intervención titor/a2-agresor/a  
 f: Información titores/as-coord./a  
 g: Intervención coord./a-agresor/a

FINAL: Réxime disciplinario

-Debemos partir do DIÁLOGO e NON entrar en condutas violentas nin pelexas.

-En caso de conflito entre titor/a e alumno/a titorizado/a, fálase co coordinador/a.

## CEIP A CRISTINA



## CALIDADES DUN BO TITOR- TITORA

1. Saber escoitar
2. Ser comprensivo
3. Ofrecer confianza
4. Confidencialidade
5. Ser amistoso/a
6. Ser respectuoso/a
7. Ser calmo/a e obxectivo/a
8. Facer equipo
9. Ser empático/a



## PROGRAMA TEI

Titoría Entre Iguais



TITORIA ENTRE IGUAIS

## CARACTERÍSTICAS

- É unha **estratexia preventiva** de participación e intervención na convivencia do centro educativo.
- Está deseñado e aplicado como medida preventiva **contra a violencia e como medida para favorecer unha convivencia escolar positiva.**
- Ten carácter institucional, **implica a toda a comunidade educativa.**
- O alumnado de **quinto curso de primaria titoriza** ao de terceiro.

## OBXECTIVOS

- Previr as consecuencias do **conflito escolar: persoais, educativas e sociais.**
- Facilitar o proceso de **integración** do alumnado.
- Crear un **referente** para favorecer a **autoestima.**
- Integrar a **TOLERANCIA CERO** como un signo de identidade do centro.

## MITOS: VERDADEIRO OU FALSO?

1. O acoso escolar son só bromas e burlas.		
2. Hai persoas que merecen que as acosen.		
3. Os acosadores son sempre rapaces (varóns).		
4. Os/as que se queixan dos/as acosadores/as son uns/as chormicas.		
5. O acoso é unha parte normal do proceso do crecemento.		
6. Os/as agresores/as desaparecen se os ignoran.		
7. Os/as acosadores/as métese con outras persoas porque son débeis.		
8. Dici-lle a un adulto ou a un profesor/a que es obxecto de acoso é de acusóns.		
9. A mellor forma de tratar a un acosador/a é pelexando ou devolvéndolle o golpe.		
10. Pode ser que as persoas que son obxecto de acoso sintan sufrimento durante un tempo, pero acábano superando.		

## REFLEXIÓNS

1. O acosador sempre ten a intención de facer dano?
2. O acoso non se pode xustificar NUNCA baixo ningún concepto.
3. A violencia é independente do xénero.
4. O acoso fai moito dano.
5. Non forma parte do desenvolvemento individual.
6. Non podemos ignorar calquera tipo de violencia.
7. A violencia xera violencia. Non está xustificada de ningunha das maneiras.
8. O acoso é moi doloroso para todos, deixa cicatrices físicas, psicolóxicas e emocionais.

## OS NOSOS DEREITOS

Todas as persoas temos **DEREITO** a **SER** tratadas ben e **SER** respectadas, por isto:

- **NINGUÉN** debe facer dano.
- **NINGUÉN** debe pegar, nin dar empurróns.
- **NINGUÉN** debe ameazar nin meter medo.
- **NINGUÉN** debe estragar as miñas cousas.
- **NINGUÉN** me debe insultar.
- **NINGUÉN** se debe burlar nin rir de min.
- **NINGUÉN** debe falar mal sobre min.
- **NINGUÉN** me debe excluír do grupo.

## OS NOSOS DEBERES

Todas as persoas temos o **DEBER** de **TRATAR** ben e **RESPECTAR** aos demais, por isto:

- **EU** non farei dano aos demais.
- **EU** non pegarei nin darei empurróns.
- **EU** non ameazarei nin meterei medo a ninguén.
- **EU** non estragarei as cousas dos demais.
- **EU** non insultarei a ninguén.
- **EU** non me burlarei de ninguén.
- **EU** non falarei mal sobre as outras persoas.
- **EU** non excluirei a ninguén do grupo.



## CALENDARIO TEI

<b>1º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Información e sensibilización</li> <li>• Formación de titores/as</li> <li>• Entrega diploma nomeamento</li> <li>• Entrega de carné</li> <li>• Presentación de parellas/equipos</li> <li>• Actividades cohesión parellas/equipos</li> <li>• 3 sesións de tutoría</li> <li>• Avaliación e formación continuada</li> </ul>
<b>2º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades cohesión parellas/equipos</li> <li>• 3 sesións de tutoría</li> <li>• Avaliación e formación continuada</li> </ul>
<b>3º TRIMESTRE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades cohesión parellas/equipos</li> <li>• 3 sesións de tutoría</li> <li>• Avaliación e formación continuada</li> <li>• Entrega diploma recoñecemento</li> </ul>

